

FONDO LIBROS 2024-2025

Estimadas familias:

A Consellería acaba de anunciar a convocatoria de fondo solidario de libros de texto e de axudas para adquirir material escolar para o vindeiro curso.

PRAZO DE SOLICITUDE

- Do 21 de maio ao 21 de xuño (ambos os dous incluídos).
- O alumnado que non estea admitido nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2024-2025, deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2023-2024.

BENEFICIARIOS

- Aquelas familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma Galicia sostidos con fondos públicos nas modalidades de gratuidade solidaria que se relacionan a continuación:
 - **Fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria (EP).** *O alumnado matriculado no noso centro en 5º e 6º de EP que participa no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2024/2025 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar, así como as establecidas nas disposicións adicionais primeira e segunda, se reunen os requisitos establecidos na ORDE do 7 de maio de 2024.*
- Axudas para adquirir libros de texto destinados ao alumnado de 1º e 2º de EP, e en Educación Especial (EE), así como axudas que pode recibir o alumnado incluído nas disposicións adicionais primeira e segunda da orde do 7 de maio de 2024.
- Axudas para material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP e EE.

¿CÓMO PRESENTAR A SOLICITUDE?

As solicitudes presentaranse **preferentemente de xeito telemático** nos seguintes espazos web **antes do 21 de xuño, día no que remata o prazo:**

Electrónica: pola sede ele a través da aplicación fondolibros , CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED330B.

IMPORTANTE: na presentación electrónica deberá presentar unha solicitude individual para cada un dos seus fillos.

NECESITARÁ ter: A) conta de [Chave365](#), ou B) ter instalado certificado dixital ([guía](#)) ou DNI electrónico e máis a aplicación [Autofirma](#)

Presencial con asistencia da aplicación : cubra os datos na aplicación : <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>, imprima os Anexos I e II producidos e presénteos no centro educativo.

Presencial manual: cubra os [Anexos I e II](#) da Orde da convocatoria e presénteos no centro educativo, acompañada da **copia do libro de familia** e resto de documentación, no horario de atención ao público. Solicitude (anexos I e II) .

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

1. Participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar [ED330B \(Anexo I\)](#)
2. Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar ([Anexo II](#))
 - <https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/23899294>
3. Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
4. En caso de separación ou divorcio, ademais, deberán aportar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

NOTA: O alumnado de 6º de Primaria que pase de curso deberá facer a solicitude no instituto no que fose admitido. De darse o caso de estar pendente de admisión, poderá facelo neste centro.

RESUMO DO FONDO E AXUDAS

	Renda per cápita familiar				Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material		Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	240€	160€	75€	60€	240€	75€	300€		300 €	75 €
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾			Fondo: 6 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 300 € ⁽²⁾			
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	240€	160€			240€					
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	270€	180€			270€					

⁽¹⁾ O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.

⁽²⁾ O alumnado cunha discapacidade ≥ 65 % matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).

⁽³⁾ O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.